

TRES RELATOS DE SUSO DE TORO SOBRE A MEMORIA

SOMNÁMBULOS

SUSO DE TORO

Edicións Xerais / 14,60 euros

A pesar do seu desexo de abandonar a literatura, Suso de Toro mantense na escrita primeiro cos lúcidos ensaios xornalísticos aparecidos en "Inmateriais", e agora coa recuperación de tres relatos nacidos hai algún tempo e aparecidos agora. Tres interesantes propostas, "Negocios de familia", "Auga derramada" e "Insomne".

Todos eles, coméntao o propio autor nunha nota final, "tratan do que trata a literatura, da memoria, é dicir, do pasado". Dos tres o primeiro é o máis ambicioso literariamente, unha historia poliédrica, vista desde diferentes puntos de vista e personaxes no que se fala dos segredos que agochan as familias e do tempo que lles tocou vivir, co franquismo como pano de fondo referencial. O segundo é unha metáfora sobre a memoria, na que o tema da auga está traída polos pelos (o escritor explica a súa xénese). Respecto ao último, demoledor, o escritor trata de facer un retrato de Fraga Iribarne desde o punto de vista do propio exministro franquista e expresidente da Xunta de Galicia.

Suso de Toro
Somnámbulos



XERAI
narrativa